


RUTA 2: DOS SEQUEIROS DE MOSTAD



A ruta comeza polo camiño asfaltado que sae do Acampamento O Caurel a man dereita e que vai pola beira do río xusto antes da ponte que atravesa a estrada.





Ós 50 metros atópase a Igrexa de San Pedro de Esperante que garda no seu interior unha pequena talla do santo.



Continúase polo sendeiro costa arriba ata chegar a Esperante logo de pasar por un camiño estreito e empinado cheo de lousas.

A ruta segue saíndo pola parte alta da aldea e collendo un

camiño ancho e asfaltado a man esquerda rodeado por carballos e castiñeiros. Crúzase a estrada e retómase o camiño xirando levemente á esquerda por unha pendente en baixada.



Nas inmediacións da aldea de Mostad atópase un extenso souto que ten unha gran concentración de sequeiros. Os sequeiros son edificacións de pedra destinadas ó secado das castañas. Compóñense de dous andares, na parte alta esténdense as castañas xa bulladas e na parte baixa préndese a fogueira para secalas.



O seguinte tramo comeza cun descenso no que se van vendo máis sequeiros ó pé da ruta ata chegar á Ponte de García.



Chégase a un cruce que vai dar a un camiño ancho e uns metros máis adiante tómase un desvío a man esquerda para continuar por outro camiño máis estreito que leva ó Río Lor onde se pode apreciar unha presa típica da zona ó final dun extenso prado.

Ruta dos Sequeiros e Soutos de Mostad



LEENDA

	Inicio		Camping
	Dirección		Reboleira
	Aldea		Souto
	Igrexa		Presa
	Sequeiro		Río

O resto da percorrido continúa practicamente en chaira ata chegar de novo ó camping, punto de partida e final da ruta.

